



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

Consulta Pública -Anteproxecto de Regulamento do servizo municipal de subministración domiciliar de auga potábel do Concello de Camariñas

Expediente Nº: 2023/G013/000003

I. Introducción

O artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas dispón, na súa alínea primeira:

“Con carácter previo á elaboración do proxecto ou anteproxecto de lei ou de regulamento, efectuarase unha consulta pública, a través do portal web da Administración competente, en que se pedirá a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca:

- a) Dos problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.*
- b) Da necesidade e oportunidade da súa aprobación.*
- c) Dos obxectivos da norma.*
- d) Das posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias”.*

O Concello da Camariñas eleva a consulta pública previa o anteproxecto do Regulamento do servizo municipal de subministración domiciliar de auga potábel deste Concello, que se prevé que entre en vigor nos próximos meses.

A cidadanía poderá achegar as súas suxestións a través deste formulario habilitado na web municipal e para iso dispoñerá dun prazo de 20 días hábiles a contar dende o seguinte a súa publicación.

II. Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa normativa

O Concello de Camariñas, que xestiona directamente o servizo de subministración domiciliar de auga potábel, non conta con unha regulación xeral do servizo que estableza os dereitos e obrigas respectivas do xestor e das persoas usuarias ben como as súas condicións de prestación.

III. Necesidade e oportunidade

Na actualidade non existe unha regulamentación xeral e substantiva do servizo de subministración de auga potábel, só unha ordenanza reguladora da taxa por subministración de auga do ano 1998.

Ao se prestar o servizo de forma directa pola Administración municipal (non a través dunha personificación privada creada para ese fin) non é preciso modificar a natureza xurídica da taxa pola prestación do servizo pasando a ser unha “prestación patrimonial de carácter público non tributario” de acordo co disposto no artigo 6.6 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

IV. Obxectivos da norma proposta



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

O regulamento que se propón trata de establecer os tipos de subministración (doméstica, agrícola e industrial) e as preferencias entre elas, as condicións de prestación do servizo, o réxime de contratación (contrato, acometidas e contadores), de regular os usos municipais da auga e, finalmente, un réxime sancionador.

V. Posíbeis solucións alternativas regulatorias e non regulatorias

No existe alternativa á adopción da norma sometida a consulta pública.

Asinado dixitalmente o marxe.
Alcaldesa do Concello de Camariñas.
Sandra Insua Rial